CA1.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	CA1.9 - Comentar textos de maneira crítica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	CA2.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra		
CA2.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	CA2.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos		
CA2.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	CA2.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural		
CA3.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	CA3.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos		
CA3.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal, atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras e establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	CA3.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal		
CA3.8 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	CA3.8 - Comentar textos de maneira crítica as que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental		
CA1.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	CA1.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural		
CA3.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	CA3.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dialogar cos outros. - Fronte ás convencións sociais: o drama. - Humor crítico, humor comprobante: a comedia. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Indagación arredor do funcionamento da literatura como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais e culturais, facendo fincapé na perspectiva de xénero. - Participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións lectoras en contextos presenciais e dixitais. - Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido. - Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras. - Recomendación das lecturas en soportes variados atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.

UD	Título da UD	Duración
12	O teatro desde o Romanticismo á actualidade	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	CA3.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos	PE	90
CA3.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal, atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras e establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	CA3.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal		
CA3.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	CA3.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	CA3.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas		
CA3.8 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	CA3.8 - Comentar textos de maneira crítica nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental,		
CA3.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	CA3.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións lectoras en contextos presenciais e dixitais. - Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido. - Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Literatura Universal pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas habilidades para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora dos estudantes e na toma de decisións responsables, asentadas no seu espírito crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o docente adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar ao alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios, vinculando as obras con outros textos ou expresións artísticas e, sobre todo, formando lectores e lectoras competentes.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Literatura Universal con outras disciplinas do currículo, dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada aos coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. O fomento da lectura tanto na aula como de xeito autónomo forma parte indispensable dunha materia coma esta. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Do mesmo xeito que se fomenta a comprensión e expresión escrita, tamén a oratoria se verá reforzada no día a día das aulas, xa que a expresión de opinións e valoracións argumentadas será fundamental no desenvolvemento do temario e na análise dos textos literarios propostos.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Literatura Universal. Polo tanto, planifícase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades complexas a partir de textos literarios extraídos do patrimonio universal, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia a súa interpretación, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas.

3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

-Lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno e alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura universal, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dun amplo corpus de materiais audiovisuais que

incidan na comprensión de textos académicos e literarios, favorezan a interpretación doutras manifestacións artísticas como a danza, a música ou o cine e desenvolvan a capacidade estética do alumnado.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos literario e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

8) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comuniquen de xeito orixinal e creativo.

9) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

10) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
- Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
- Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
- Recursos e aplicacións informáticas e multimedia. Materiais de investigación e consulta.
- Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Literatura Universal debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos. Ademais, debe abranguer unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Literatura Universal supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos literarios orais, escritos e multimodais para a súa análise e comentario.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos de autores e autoras relevantes da literatura clásica e contemporánea, procedentes do patrimonio universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas e/ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planifícanse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social operados desde a Idade Media ata a actualidade.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nas unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Potenciarase a creación de recursos dixitais individuais, como o portfolio ou o diario de lectura; colectivos, como o blogue de aula ou os murais interactivos; ou a utilización de aplicacións informáticas para a gravación das producións orais dos estudantes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita tipo test sobre cuestións propias da materia a efectos de achegar datos para a avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	8	8	8	8	9	9	9	9	9
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Proba escrita	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

- Proba escrita.
- Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións.

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

Avaliacións parciais (trimestrais):

O 50% da nota corresponderá aos exames (un por trimestre). Nestas probas valorarase a demostración do coñecemento dos contidos e a súa correcta expresión. Se houber máis dun exame, en cada un deles deberase obter como mínimo un 3 para poder aplicar a nota media.

O 40% para as probas de lectura: 2 por trimestre.

O 10% corresponderá ás tarefas ou proxectos que a docente solicite.

Nas probas escritas descontarase 0.05 por erro no uso do acento gráfico, e 0.1 por outro tipo de faltas ortográficas (colocación incorrecta de pronomes átonos, erros no emprego de b/v...) ou erros léxicos (interferencias doutras linguas, palabras inexistentes), ata un máximo de 2 puntos. A puntuación resultante será considerada a nota do

exame.

A adecuación, coherencia e cohesión valorarase en cada pregunta xunto co contido. A realización de comentarios e exercicios propostos será tida en conta para redondear a nota á alza.

Avaliación final:

1) Para o alumnado que teña todas as avaliacións aprobadas, a nota da avaliación ordinaria será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

2) O alumnado terá dereito a un exame de recuperación por cada unha das avaliacións. Se chegados á avaliación ordinaria de xuño se teñen dúas ou as tres avaliacións suspensas, o alumno/a realizará un exame final de toda a materia. Aprobárase esta se neste exame obtén unha nota igual ou superior a 5 puntos.

Criterios de recuperación:

Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Fará o seguimento da materia pendente a persoa responsable da materia, quen informará e orientará ao alumnado afectado desde o primeiro mes de clase e ata o remate do procedemento.

O alumnado terá a posibilidade de recuperar a materia mediante 2 procedementos:

1º_ Mediante a entrega de dous traballos cuatrimestrais cunha serie de exercicios de carácter teórico e práctico, que será entregado en prazo e forma. Se acadada unha nota media de 5 ou superior, a materia considerarase superada.

2º_ Mediante a realización de dous exames parciais a realizar en decembro e abril. En tal caso, a cualificación obtense da media das dúas probas, con aplicación de redondeo.

De non recuperar a materia por unha destas vías, haberá un exame global a final do curso, en data fixada pola xefatura de estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todos os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo.

Este principio establece que o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, pode aprender que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de

aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Deseño de programas específicos de reforzo e de ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A creatividade e a formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O compromiso co desenvolvemento sostible		X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.2 - A competencia dixital	X	X	X	X
ET.3 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.4 - A creatividade e a formación estética	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.6 - O compromiso co desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.7 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevistas ficticias a autores e autoras representativos da literatura universal.	A docente dividirá a clase en grupos e outorgaralle a cada un deles un autor ou autora representativo do programa do curso. Cada grupo recabará información sobre ese autor ou autora e preparará unha entrevista atendendo a aquelas cuestións que considere relevantes da súa obra.			X

Observacións:

Outras posibles actividades complementarias:

- Gravación de podcast con lecturas de textos literarios do programa da materia.

Esta actividade é idónea para que o alumnado sexa o protagonista do proceso de aprendizaxe. Os comentarios e exposicións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os estudantes.

- Elaboración de booktráilers con comentarios de obras que forman parte do programa da materia.

O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar películas baseadas nalgúns dos libros lidos en clase. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as habilidades de comunicación do alumnado, as destrezas sociais (capacidades conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos participantes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A organización e secuencia das unidades didácticas foi adecuada ás características do alumnado.
Os criterios de avaliación de cada unidade didáctica foron axeitados para o logro efectivo por parte do alumnado.
Os contidos de cada unidade didáctica foron axeitados para o logro efectivo por parte do alumnado.
A secuencia de criterios de avaliación e contidos foi acertada para o logro das aprendizaxes por parte do alumnado.

Metodoloxía empregada
O principio 1 do DUA (Proporcionar múltiples formas de presentación da información) respectouse ao longo das unidades didácticas.
O principio 2 do DUA (Proporcionar múltiples formas de acción e representación) respectouse ao longo das unidades didácticas.
O principio 3 do DUA (Proporcionar múltiples formas de motivación) respectouse ao longo das unidades didácticas.
As interaccións entre o alumnado contribuíron á construción das aprendizaxes.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados e funcionais ao longo das unidades didácticas.
A dixitalización está presente na procura de información e realización de actividades.
Medidas de atención á diversidade
A atención á diversidade tivo en conta as consideracións recollidas nos Protocolos de actuación da Consellería de Educación.
As medidas de atención á diversidade necesarias adoptáronse o antes posible de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas detectadas.
Clima de traballo na aula
A metodoloxía empregada promoveu a participación e motivación de todo o alumnado de xeito activo e efectivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo coordinación coas familias ao longo do proceso ensino-aprendizaxe.
Houbo coordinación entre o profesorado.
Outros
Os instrumentos de avaliación foron axeitados para a constatación obxectiva das aprendizaxes por parte do alumnado.
Ofreceuse unha retroalimentación axeitada ao alumnado por parte do profesorado.
Fomentouse e levouse a cabo a autoavaliación.
Fomentouse e levouse a cabo a coavaliación.

Descrición:

O procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente consistirá na avaliación dos Indicadores de logro recollidos neste apartado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A través da programación de aula deseñaranse as actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programación, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento. Este deseño e desenvolvemento permitirán facer o seguimento da programación, a través da constatación dos obxectivos marcados.

Ao finalizar cada trimestre avaliaremos o cumprimento da programación en canto a obxectivos e contidos. Os datos quedarán reflectidos nunhas táboas trimestrais (escala de estimación cos indicadores de logro) deseñadas para tal

fin.

Ao rematar o curso faremos unha valoración xeral do cumprimento da nosa programación. As modificacións serán recollidas na memoria final, incluíndo as propostas de mellora en función daqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemento da programación.

Esta programación esta aberta a modificacións e melloras para adaptala as necesidades do alumnado e profesorado, dependendo dos resultados acadados. Entre estas propostas de mellora poden incluírse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliación e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de novos recursos.

Para implementar esta análise empregárase unha escala de estimación (de 5 a 1, sendo 5 a máxima valoración e 1 a menor) con indicadores que den resposta ás seguintes cuestións:

- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- Concretáronse os elementos transversais a desenvolver?
- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- Son axeitados, variados, funcionais e versátiles, os materiais didácticos empregados?
- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua?
- Adoptáronse as medidas de atención á diversidade precisas?

9. Outros apartados